



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 223
24 de xullo de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

■ 28457 (12/PDC-000039)

Sobre acceso e participación das persoas menores de idade en eventos tauromáquicos nos municipios galegos [95486](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2025, sobre o nomeamento de Armando Ojea Bouzo como representante en diversas comisións [95483](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Resolución da Presidencia, do 17 de xullo de 2025, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión do posto AP23 no Servizo de Asistencia Parlamentaria [95484](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

- 28457 (12/PDC-000039)

Sobre acceso e participación das persoas menores de idade en eventos tauromáquicos nos municipios galegos

A Mesa acorda:

1º A admisión a trámite e a cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2025, sobre o nomeamento de Armando Ojea Bouzo como representante en diversas comisións

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

— Escrito do G. P. Mixto polo que designa a Armando Ojea Bouzo como representante na Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade (doc. núm. 28852, 12/SCNP-000004).



A Mesa toma coñecemento e acorda a publicación.

— Escrito do G. P. Mixto polo que designa a Armando Ojea Bouzo como representante na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres (doc. núm. 28854, 12/SCNP-000003).

A Mesa toma coñecemento e acorda a publicación.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 17 de xullo de 2025, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión do posto AP23 no Servizo de Asistencia Parlamentaria

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 13 de maio de 2025 convocouse concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Vista a proposta de resolución efectuada pola Comisión de Méritos con data do 17 de xullo de 2025 e de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer público o posto adxudicado definitivamente á funcionaria que se detalla no anexo, así coma o posto liberado.

Segundo. Os prazos para efectos de cesamento e toma de posesión serán os establecidos na base sétima do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2025, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, do posto AP23 do corpo administrativo no Servizo de Asistencia Parlamentaria, e empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Presidencia do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



común das administración públicas, ou poderán impugnala directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO

Posto adxudicado:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.	Adxudicataria	NIF
AP23	Administrativa/o	C	Administrativo	20	18.368,28 €	López Gómez, Marina	***6719**

Posto liberado:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.
AP31	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.622,64 €



PREGUNTA DE INICIATIVA POPULAR:

Acceso e participación das persoas menores de idade en eventos tauromáquicos nos municipios galegos

O Comité dos Dereitos do Neno expresou a súa preocupación pola exposición dos menores de idade a actividades nas que houbera calquera forma de violencia.

Especificamente para España e Portugal, pronunciouse de forma expresa en contra de que os menores de idade poidan ser expostos á violencia taurina. Fíxoo, respectivamente, nos informes das Observacións Finais CRC/C/ESP/CO/5-6, de 2 de febreiro de 2018 e CRC/C/PRT/CO/5-6, de 27 de setembro de 2019.

Para emitir as súas Observacións Finais, onde se incluíu aos eventos taurinos no capítulo de “*Violencia contra os nenos*”, o Comité tivo en conta o interese superior do menor en virtude do cal o dereito a non ser exposto á violencia prima sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer ou entrar en conflito, como o dereito a participar libremente na vida cultural.

En agosto de 2023 o mesmo grupo de expertas e expertos realizou unha recomendación a todos os Estados parte no seu Comentario Xeral nº26 sobre Dereito a un Medio Ambiente sano en termos similares:

“Os nenos deben ser protexidos de todas as formas de violencia física e psicolóxica e da exposición á violencia, como a violencia doméstica ou a infligida aos animais.”

O criterio de protección da infancia dos contidos nocivos ou negativos debe prevalecer, por tanto, sobre os espectáculos taurinos en directo, nunha praza ou evento realizado na vía pública, nun medio de comunicación ou en espazos como Internet.

- Ten previsto a Xunta adaptar o marco normativo ás obxeccións formuladas polo CDN en 2018 e 2023?
- Considera a Xunta que o veto parcial actual (0 a 12 anos) cumpre coa Convención Internacional sobre Dereitos do Neno?



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/07/2025 10:45:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2025 10:46:03
Nº Rexistro: 28457
Data envío: 14/07/2025 10:46:03,889

CSV: BOPGDSPG-PJDXegc8-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

